

## ANUNCIO

A Alcaldía con data 10-07-2024, ditou a Resolución 849/2024 que aproba as seguintes bases:

### **BASES PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA PEÓN/PEOA ESPECIALISTA FORESTAL (APROL RURAL 2024)**

**Expediente: 2024/E001/000009**

**Expediente de solicitude da axuda: 2024/A008/000021**

#### **Primeira.- Obxecto.**

É obxecto das presentes bases a realización dun proceso selectivo, mediante concurso-oposición, para a contratación dun/dunha peón/peoa especialista forestal. Esta contratación está subvencionada ao abeiro da Resolución de Concesión de Subvención complementaria asinada polo Xefe Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración datada no 09/07/2024 pola que se concede unha axuda ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024:

Posto: peón/peoa especialista forestal

Núm. de postos: 1

Xornada: 100%

Meses de contratación: 9

Grupo de cotización: 8

Axuda concedida: 13.970,00

Modalidade contractual : Contrato de traballo temporal con cláusulas específicas para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral

#### **Segunda.- Requisitos das persoas aspirantes.**

##### Requisitos de carácter xeral:

Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ser español, ou nacional dun Estado membro da Unión Europea.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase pola correspondente certificación. Os aspirantes con minusvalía farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

c) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

#### Requisitos de carácter específico:

- Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Este requisito debe cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

- Figurar como persoa candidata na listaxe remitida pola Oficina de Emprego de Cee como resposta á oferta de emprego do Concello de Vimianzo para esta selección.

- Non ter sido contratada por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

#### **Terceira.- Funcións dos postos.**

A función principal é levar a cabo tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes e a xestión da biomasa.

Tipos de tarefas nas que colaborarán estas persoas operarias seguindo as instrucións do servizo:

- Realización de actividades auxiliares de repoboación, corrección hidrolóxica e de construción e mantemento de infraestruturas forestais.
- Realización de actividades auxiliares en tratamentos silvícolas.

- Realización de actividades auxiliares de limpeza de camiños forestais e o seu mantemento.
- Realización de actividades auxiliares de retirada e tratamento da biomasa.
- Realización de actividades auxiliares no control de axentes causantes de pragas e enfermidades ás plantas forestais e outras pragas coma a da velutina.

#### **Cuarta.- Tipo e duración do contrato. Remuneracións**

Modalidade contractual: Contrato de traballo temporal con cláusulas específicas para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral

Duración: 9 meses

Xornada: completa

Grupo de cotización: 9

Salario bruto mensual coa paga extra prorrateada: 1.382,50

Horario: de 8:00 a 13:00 e de 15:00 a 18:00 ou o que se estableza para o servizo

#### **Quinta.- Admisión de aspirantes e presentación de solicitudes**

O artigo 14 da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 regula os requisitos e criterios para a selección das persoas traballadoras.

O Concello de Vimianzo presenta unha Oferta de Emprego ante a Oficina de Emprego de Cee. Desde alí realizan unha selección tendo en conta os requirimentos da Orde e remiten unha listaxe ao concello. Eles son responsables de convocar ás persoas candidatas para a realización da entrevista inicial e participar no proceso de selección que se recolle nestas bases.

As persoas interesadas que figuren na listaxe elaborada pola Oficina de Emprego (SPEG) deberán cubrir a solicitude que figura no Anexo e as que non estean interesadas deberán comunicarllo á Oficina de Emprego de Cee (SPEG).

O prazo para a presentación das solicitudes remata o día que a comisión de selección estableza para a realización das probas/entrevistas. Este prazo poderá ser ampliado no caso de que houbera incidencias nas comunicacións que realiza a Oficina de Emprego de Cee ás persoas interesadas.

Todas as publicacións referidas a este proceso serán expostas no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo.

Para presentar a súa solicitude deberán encher o modelo normalizado que figura no Anexo e acompañalo da copia ou orixinal da seguinte documentación:

- DNI en vigor
- Permiso de conducir B en vigor
- Tarxeta de demandante de emprego
- Celga 2 ou equivalente se o tivera
- Documentación relativa aos méritos

#### **Sexta.- Admisión de aspirantes.**

Poderán participar no proceso selectivo as persoas que figuran na listaxe remitida polo SPEG e deberán presentar a documentación que se relaciona no artigo anterior. Esta lista publicarase no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará a Resolución pola que se declara aprobada a listaxe de persoas interesadas e admitidas.

Será publicado un anuncio relativo ao contido da dita Resolución no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello de Vimianzo (<https://sede.vimianzo.gal/>).

#### **Sétima.- Tribunal: Comisión avaliadora.**

O tribunal estará constituído polas seguintes persoas:

1) Evaristo Suárez Corzón, técnico de Desenvolvemento Rural (actúa como presidente)

Suplente: Rosa María Varela Antelo, educadora familiar do Concello de Vimianzo

2) Rosa María Sánchez Martínez, técnica de Desenvolvemento Local (actúa como secretaria)

Suplente: Ivanna Vidal Dominguez, técnica de Administración Xeral do Concello de Vimianzo

3) Lorena Cernadas Soto, administrativa informática no Concello de Vimianzo (actúa como vogal)

Suplente: Silvia Costa Blanco, auxiliar administrativa do Concello de Vimianzo

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de, polo menos, dous dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso a Presidencia e a Secretaría. De todas as reunións que faga o tribunal levantarase acta.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas, así como nos casos non previstos por elas.

Os membros do tribunal deberán de absterse cando concorran as circunstancias previstas na Lei 40/2015 notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizasen tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que consideren pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

Os membros do Tribunal, así como, aqueles asesores especialistas que nomee, terán dereito ao abono de asistencias, de conformidade co previsto no anexo IV do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. As indemnizacións do persoal administrativo colaborador, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

### **Oitava.- Proceso selectivo.**

Efectuarase mediante concurso-oposición.

#### **Fase de concurso (ata 3 puntos)**

1) Valoración da formación, ata un máximo de 2 puntos:

- Por estar en posesión do permiso de conducir B outorgarase 1 punto.
- Por estar en posesión de titulación acreditativa de haber participado en accións formativas relacionadas coa Prevención de Riscos Laborais: 0,5 puntos.
- Por estar en posesión de Celga 2 ou equivalente: 0,5 puntos.

2) Valoración da experiencia, outorgarase 1 punto se acredita con currículo do SPEG, Informe de Vida Laboral e contrato, nómina ou certificado de empresa, haber realizado tarefas relacionadas co posto.

#### **Fase de oposición (ata 7 puntos)**

Esta fase realizarase a través dunha entrevista e/ou proba teórico-práctica encamiñada a avaliar os coñecementos e habilidades das persoas aspirantes para o posto e idearase un sistema para garantir o anonimato na súa realización.

Os temas sobre os que versará a proba son os seguintes:

1. Coñecemento das tipoloxías de traballos forestais e silvícolas.
2. Coñecemento de maquinaria forestal (rozadora, motoserra).
3. Uso e mantemento de maquinaria forestal.
4. Coñecemento de ferramentas para a realización de traballos forestais.
5. Coñecemento da xeografía do municipio de Vimianzo.
6. Coñecemento de medidas de Prevención de Riscos Laborais en traballos silvícolas.
7. Coñecemento das áreas de traballo do Concello de Vimianzo.

No caso de empate, darase prioridade aos colectivos preferentes segundo indica o artigo 14.5 da Orde.

Os/as aspirantes deberán presentarse provistos do DNI.

### **Novena.- Resolución do proceso**

Rematado o proceso, a Comisión Avaliadora elaborará unha lista cos candidatos clasificados de maior a menor puntuación e elavará á Alcaldía a proposta para a contratación.

A persoa a contratar será requirida mediante anuncio no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo e se non se presentara en 2 días naturais contados a partir dese requirimento, convocarase á seguinte persoa da relación.

Para a contratación deberá achegar, de non tela presentado con anterioridade, a seguinte documentación:

1. DNI en vigor
2. Permiso de conducir en vigor
3. Informe médico ou Declaración xurada de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira co compromiso de realizar o recoñecemento médico da mutua da empresa.
4. Declaración xurada de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
5. Fotocopia da cartilla da Seguridade Social ou documento oficial que acredite o número de afiliación Seguridade Social.
6. Número de conta bancaria.
7. Enderezo de correo electrónico a efectos de envío da nómina.

### **Décima.- Impugnacións e reclamacións**

A presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas, poderán ser impugnados polos interesados na forma legalmente prevista. A Comisión Avaliadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se puidesen presentar ou tomar os acordos necesarios referidos á baremación, a realización da entrevista e outros aspectos do proceso selectivo. Para o non previsto nestas bases rexerán como supletorias a lexislación básica do Estado na materia e a correspondente lexislación da Comunidade Autónoma de Galiza e demais disposicións obrigatorias.



## ANEXO

### SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO DE SELECCIÓN DUN/DUNA PEÓN/PEOA ESPECIALISTA FORESTAL (APROL RURAL 2024)

Expte. TEDEC: 2023/E001/000007

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
DNI	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
ENDEREZO	MUNICIPIO	CÓDIGO POSTAL

## EXPOÑO

- 1) Que recibín comunicación da OFICINA DE EMPREGO DE CEE para participar no proceso de selección que figura no encabezado e que coñezo e acepto as bases para a selección.
- 2) Que cumpro os requisitos para ser contratado/a relacionado nas bases.
- 3) Que autorizo o uso dos datos que facilito a efectos de levar a cabo as tramitacións e comunicacións relativas ao proceso selectivo e contratación e ante a Xunta de Galicia.
- 4) DECLARO posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira co compromiso de realizar o recoñecemento médico da mutua da empresa se se me demanda.
- 5) DECLARO non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
- 6) Que adxunto a documentación relativa aos requisitos e á miña formación, experiencia laboral (Informe de Vida Laboral) e circunstancias sociolaborais que se relacionan no artigo 14.5 da Orde.

Por todo o anterior, SOLICITO

A Vde., teña por presentada a miña candidatura para participar no proceso de selección que figura no encabezado.

Vimianzo, ..... de ..... de 2024

Asdo.: .....



SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE VIMIANZO





DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑO:

DNI EN VIGOR

DOCUMENTACIÓN SOBRE ACCIÓNS FORMATIVAS E PERMISOS:

Permiso de conducir B

Celga 2

P.R.L.

INFORME DE VIDA LABORAL

CONTRATOS, NÓMINAS E OUTROS DOCUMENTOS RELATIVOS Á EXPERIENCIA LABORAL

.....

.....

.....

DOCUMENTACIÓN RELATIVA ÁS CIRCUNSTANCIAS SOCIOFAMILIARES

.....

.....

.....



Vimianzo, 10 de xullo de 2024

A alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez